



Concello de Muros
Servizo de Información, Orientación
e Busca de Emprego

CONVOCATORIA PARA O RECOÑECIMENTO DA EXPERIENCIA PROFESIONAL.

A Consellería de Traballo e Benestar realiza a convocatoria pública do procedemento para o recoñecemento das competencias profesionais adquiridas a través da experiencia profesional e vías non formais de formación en unidades de competencia de:

- **Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio (Nivel 2).**
- **Atención Sociosanit. a persoas dependentes en instituc. sociais (Nivel 2)**
 - O prazo de inscrición finaliza o 31 de decembro, de 2.011
- **Confección e Mantemento de artes e aparellos (Nivel 2)**
 - O prazo de inscrición finaliza o 31 de decembro, de 2.011
- **Fabricación e Montaxe de instalacións de tubaxe industrial (Nivel 2)**
- **Operacións Básicas de Restaurante e Bar.(Nivel 1)**
 - O prazo de inscrición será desde o 1 ao 31 de Marzo de 2.012.

REQUISITOS. Entre outros:

Ter experiencia laboral e/ou formación non formal relacionada coas competencias profesionais que se queren acreditar:

- No caso de experiencia laboral para as unidades de competencia de nivel 2, xustificar polo menos 3 anos cun mínimo de 2.000 horas traballadas en total nos últimos 10 anos.
Para as unidades de competencia de nivel 1, requiriranse 2 anos de experiencia de laboral cun mínimo de 1.200 horas traballadas en total nos últimos 10 anos, transcorridos antes de realizarse a convocatoria.
- No caso da formación non formal para as unidades de competencia das cualificacións de nivel 2 xustificar polo menos 300 horas de formación nos últimos 10 anos.
Para as unidades de competencia de nivel 1, requiriranse polo menos 200 horas nos últimos 10 anos, transcorridos antes de realizarse a convocatoria..

Máis información no DOGA nº 229, do 30 de Novembro de 2.011, na páxina web <http://traballo.xunta.es/procedemento-de-reconecemento>, ou no **Servizo de Información, Orientación e Busca de Emprego do Concello de Muros, teléfono 981826050.**